



C

Compostela
Cultura

de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras
paisaxes de Compostela
do 8 ao 17 de abril 2022

de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

Concepto e dirección artística: Belén Bermejo López

Asesoría musical: Andrés Díaz Pazos

Redacción: Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

Coordinación e deseño: Sirgo Torcendo

Maquetación: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplasón S.L.

Imprime: Gráficas Garabal S.L.

Os órganos volven ser protagonistas da melodía que envolverá Santiago entre o 8 e o 17 de abril. Dous anos despois de que se instalara nas nosas vidas a pandemia da covid-19, “De Lugares e Órganos” retorna ás datas orixinais, coincidindo coa Semana Santa. Regresa cunha ampla e interesante programación marcada pola simbiose entre patrimonio e instrumento. Unha unión secular nacida entre as pedras de Compostela que volven recobrar, un ano máis, a harmonía da nosa paisaxe sonora.

E fano co espazo como protagonista. Concertos en San Paio de Antealtares, en Santa Clara, na igrexa da Universidade e na igrexa da Nosa Señora da Mercé, traerannos os tesouros sonoros do medievo, as pezas dos menestreis ou as melodías barrocas recollidas polo frade franciscano Martín i Coll nas súas *Flores de música*. E tamén actividades na rúa, na Praza do Campo de Conxo, onde se rememorará a memoria musical do seu mosteiro. O pasado está presente. Igual que o futuro, co programa “Efervescencia” que se gravará no Centro Sociocultural de Santa Marta, cun especial sobre órganos, ciencia e tecnoloxía. Completa este interesante programa a conversa sobre Frei Bartolomé de Olagüe, organista e compositor compostelán, que terá lugar no Museo do Pobo Galego.

Todo este universo musical xorde dun instrumento moi presente na historia da nosa cidade: o órgano. Desde a Idade Media, Compostela foi e segue a ser un dos máis importantes centros de organeiría e organistas do noroeste peninsular. Arredor deste instrumento creouse unha importante industria artesá, e unha escola de mestres organistas e músicos que tiña o seu centro neuráxico na Catedral de Santiago. Aínda hoxe somos a cidade que máis concentración de órganos ten de Galicia.

Eu convidovos a descubrir todos eses sons organísticos que harmonizaron a nosa historia e que, unidos emocionalmente ao noso patrimonio, sobreviviron enriquecéndose musicalmente ao longo dos séculos para revivir de novo, como cada ano, con “De Lugares e Órganos”.

Xosé Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela



De Lugares e Órganos regresa, logo de dúas edicións nas que as circunstancias forzaron o traslado da programación ao mes de agosto, á súa cita coa fin do inverno e a celebración da chegada da primavera. Volvemos ao tempo do crecer dos días e da Semana Santa coa intención de continuar a descubrir e revisitar os espazos da cidade e a súa memoria musical nunha programación protagonizada polos órganos de Compostela. Unha edición máis presentamos un programa pensado á medida dos nosos órganos, onde se mesturan as músicas do pasado coa creación contemporánea, onde se combinan os espazos e os órganos que perviven na cidade co patrimonio silente dos instrumentos que xa non están, pero dos que seguimos a pegada, para rememorar un pasado esplendoroso.

Contamos desta volta con catro magníficos concertos: os austríacos Annelie Gahl e Michael Schöch ofrecerán un recital de órgano e violín no órgano de San Paio; a organista Cristina Alís, acompañada á cítola por María de Mingo, fará un percorrido polos repertorios medievais para órgano; Marés Sonoras, xunto á organista compostelá Marta López, traerán á modernidade a obra de Martín y Coll desde a perspectiva do jazz e da improvisación; e pechará o festival un concerto para órgano e conxunto de menestres con Javier Artigas e os Ministriles de Marsias. O compositor e organista compostelán Frei Bartolomé de Olagüe protagonizará transversalmente todo o ciclo, pois a súa obra poderá ser escoitada en varios dos concertos programados, así como durante a charla-concerto que impartirá o investigador Andrés Díaz e na que o músico e compositor Fernando Buide interpretará diferentes obras do *Libro de cifra de Porto*. Ademais, coma sempre, o órgano sairá á rúa para asistir a espazos de encontro e conversa e a outras actividades arredor da música e dos órganos. Así, estaremos presentes na gravación do programa Efervescencia da Radio Galega e conversaremos e escoitaremos música ao vivo con Cristina Alís nun establecemento emblemático da cidade, a tenda de electrodomésticos Julio Portela Seijo, inventor deste do instrumento coñecido como Organsound. E para poñer fin á programación desta edición, faremos, xunto a Henrique Alvarellos, un percorrido a través do patrimonio histórico, natural e musical do mosteiro de Conxo e da súa contorna.

Vémonos onda os órganos e os lugares de Compostela!

Belén Bermejo López
Directora artística do ciclo De Lugares e Órganos



> O ÓRGANO SAE Á RÚA

EFERVESCENCIA

ESPECIAL ÓRGANOS, CIENCIA E TECNOLOXÍA

Venres 8 de abril, 19.00 h, Centro sociocultural de Santa Marta

Páx. 18

> CONCERTO INAUGURAL

RECITAL DE ÓRGANO E VIOLÍN

Domingo 10 de abril, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

Páx. 11

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

ENCONTRO E MÚSICA AO VIVO CON CRISTINA ALÍS

Luns 11 de abril, 19.30 h, establecemento Juan Portela Seijo

Páx. 18

> CONCERTO

TESOUROS SONOROS DO MEDIEVO

Martes 12 de abril, 20.00 h igrexa de Santa Clara

Páx. 13

> CONVERSA E MÚSICA

FREI BARTOLOMÉ DE OLAGÜE: ORGANISTA E COMPOSITOR COMPOSTELÁN

Mércores 13 de abril, 17.30 h Museo do Pobo Galego

Páx. 20

> CONCERTO

RENACERES PARA UN FEIXE DE FLORES

Venres 15 de abril, 20.00 h igrexa da Universidade

Páx. 15

> OUTROSTONS DA CIDADE

A MEMORIA NATURAL E MUSICAL DO MOSTEIRO DE CONXO

Domingo 17 de abril, 16.30 h praza do Campo de Conxo

Páx. 21

> CONCERTO DE CLAUSURA

MÚSICA PARA MENESTREIS E ÓRGANO

Domingo 17 de abril, 19.00 h igrexa de Nosa Señora da Mercé (Conxo)

Páx. 17

> ESPAZOS

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 22

IGREXA DE SANTA CLARA

Páx. 24

IGREXA DA UNIVERSIDADE

Páx. 26

IGREXA DE NOSA SEÑORA DA MERCÉ (CONXO)

Páx. 28

Retirada de entradas:

As entradas para actividades e concertos son de balde, mais cómpre retirar invitación segundo o establecido na web compostelacultura.gal.

De non se esgotaren, tamén se poderán recoller o propio día da actividade no lugar onde esta se celebre desde unha hora antes do seu comezo. As invitacións serán válidas ata 10 minutos antes do inicio da actividade. A partir dese momento, a organización resérvase o dereito a empregar as localidades non ocupadas.

O acceso farase por orde de chegada ata completar a capacidade de cada espazo, segundo as normas de aplicación xeral para a prevención do contaxio da COVID-19, vixentes en cada momento.

A apertura de portas terá lugar aproximadamente media hora antes da hora de comezo dos concertos e actividades. Nos exteriores da porta de acceso respectarase as distancias interpersoais de seguridade, evitando aglomeracións. Será obrigatorio o uso de máscara e xel desinfectante segundo as normas de aplicación xeral.

O espazo de conversa e música con Cristina Alís é de entrada libre até completar a capacidade e non é preciso retirar previamente as entradas.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal.





©Andrei Grlic



©Maria Frodl

MICHAEL SCHÖCH E ANNELIE GAHL

MÚSICA

Igrexa de San Paio de Antealtares

Domingo 10 de abril, 20.30 h

RECITAL DE ÓRGANO E VIOLÍN

OBRAS DE CORREA DE ARAUXO, BARTOLOMÉ DE OLAGÜE,
DIEGO ORTIZ E J.C. KERLL, ENTRE OUTROS

Pianista e organista, o austríaco Michael Schöch é un dos poucos músicos que domina por igual a arte da interpretación dos repertorios pertencentes a ambos os dous instrumentos. Desde que gañou, con 26 anos, en 2011 o primeiro premio do concurso da canle de televisión alemá ARD na categoría de órgano, comezou unha imparábel carreira que o levaría polas máis importantes salas de concerto e catedrais europeas. Profesor de órgano do conservatorio da cidade austríaca de Innsbruck, colabora habitualmente como solista coa Symphonieorchester da Bayerische Rundfunk, a Deutsche Symphonie-Orchester Berlin, a Staatsorchester Kassel ou a Tiroler Symphonieorchester Innsbruck.

Nesta ocasión, Schöch estará acompañado da violinista Annelie Gahl, unha polifacética música, profesora da Universität Mozarteum de Salzburgo, que se move entre o mundo da música barroca e a música contemporánea como colaboradora habitual de formacións como a Camerata Salzburg, o Concentus Musicus ou o Klangforum Wien.

Annelie Gahl, violín
Michael Schöch, órgano e espineta



©Dopamina



©Jordi de Abril

VETERA

MÚSICA

Igrexa de Santa Clara
Martes 12 de abril, 20.00 h

TESOUROS SONOROS DO MEDIEVO

OBRAS DE GHERARDELLO DA FIRENZE, RICARDO CORAZÓN DE LEÓN,
CÓDICE LAS HUELGAS E DO LIBRO DE ÓRGANO DE BUXHEIM, ENTRE OUTROS

Especializada nos instrumentos medievais e renacentistas de tecla, Cristina Alís é unha intérprete, investigadora e educadora que está ademais considerada un dos referentes na recuperación e interpretación do órgano portátil medieval. O seu interese por este instrumento levouna a emprender un extenso traballo organolóxico e musicolóxico, en colaboración co organeiro Walter Chinaglia, que a convertería na primeira persoa no mundo que toca un órgano reconstruído a partir dun modelo do século XIII.

O programa, integrado por obras do século XIII procedentes de Francia e España, así como por músicas italianas do século XIV, será interpretado por dous instrumentos moi populares na altura, o órgano portátil e a cítola, facendo tamén unha incursión no século XV con dúas intabulacións para tecla, no órgano de tubos da igrexa do convento de Santa Clara.

María de Mingo, cítola
Cristina Alís Raurich, órgano portátil



©Sandra Vjantaf/Handel & Hendrix in London

MARTA LÓPEZ E MARÉS SONORAS

MÚSICA

Igrexa da Universidade
Venres 15 de abril, 20.00 h

RENACERES PARA UN FEIXE DE FLORES

ÓRGANO, JAZZ E IMPROVISACIÓN

De Lugares e Órganos aposta, unha vez máis, por traspasar as fronteiras entre xéneros musicais e épocas históricas, na procura de singulares simbioses, que acheguen unha nova perspectiva ao noso instrumento protagonista e aos seus repertorios. Nesta ocasión, contamos cunha nova produción especificamente concibida para o órgano da igrexa da Universidade, na que colaboran a organista compostelá Marta López Fernández e o grupo liderado pola saxofonista Patricia Cadaveira, Marés Sonoras.

As músicas que integran o programa, moi populares na súa altura (ss. XVII e XVIII), e recollidas polo frade franciscano, organista e compositor Martín i Coll nas súas *Flores de música*, servirán de elemento de conexión entre o pasado e a

modernidade e, como acontecía entón, permitirán aos músicos demostrar a súa inventiva e capacidade de improvisación. Establecerase así un xogo de espellos no que se confrontarán as pezas dos antigos mestres, interpretadas ao órgano de tubos, coas tímbricas e estéticas contemporáneas do grupo Marés Sonoras.

Patricia Cadaveira Martínez, saxofóns
soprano e alto

Marcel Pascual Royo, vibráfono

Pablo Perez Sanmamed, contrabaixo

Carlos Ronda Mas, percusións

Marta López Fernández, órgano



JAVIER ARTIGAS E MINISTRILES DE MARSIAS

MÚSICA

Igrexa de Nosa Señora da Mercé (Conxo)

Domingo 17 de abril, 19.00 h

MÚSICA PARA MENESTREIS E ÓRGANO

OBRAS DE DIEGO ORTIZ, CABEZÓN, CIMA, ROSSI E MARTÍN I COLL,
ENTRE OUTROS

Os Ministriles de Marsias é un conxunto que combina o órgano coa corneta, baixón e baixonciños, instrumentos de vento habituais nas capelas das catedrais entre o século XV e mediados do XVIII. O nome do grupo fai referencia á disputa entre un requintado Apolo e o bárbaro menestrel, Marsias, coñecidos por tanxer as cordas o primeiro, e por soprar nunha tibia o segundo. A formación está especializada na interpretación de música española, instrumental e vocal do Renacemento e Barroco e nel ten un protagonismo especial o órgano, para recrear o que foi o cadro típico nas capelas de igrexas e catedrais.

O concerto será interpretado ademais nun órgano positivo, para recrear así os sons que outrora poboaban o día a día do mosteiro de Conxo cando existía un órgano. Ao órgano, un dos máis reputados organistas da Península, cunha extensa carreira ás súas costas e concertos por toda Europa e Asia, Javier Artigas.

Paco Rubio, *cornetto*

Fernando Sánchez, *baixón e baixonciño*

Javier Artigas, *órgano*

O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

EFERVESCENCIA ESPECIAL ÓRGANOS, CIENCIA E TECNOLOXÍA

Data e hora: Venres 8 de abril, 19.00 h
Lugar: Centro sociocultural de Santa Marta,
Rúa de Antonio Rama Seoane, 6

Por segundo ano, o programa de información e divulgación científica que emite a Radio Galega, *Efervescencia*, producido pola USC en colaboración coa FECyT e conducido polo científico e comunicador Manuel Vicente, centrará a súa atención no mundo do órgano e nas súas conexións coa ciencia e coa tecnoloxía. O programa será gravado no Centro sociocultural de Santa Marta e terá como convidados o músico Alex Salgueiro, que nos introducirá no fascinante mundo do órgano electromagnético Hammond, do que poderemos tamén escoitar música ao vivo, e Yago Portela Gómez, empresario compostelán e fillo de Juan Portela Seijo, inventor que creou o Organsound, un altofalante tubular con formas inspiradas no órgano da catedral de Santiago.

ENCONTRO E MÚSICA AO VIVO CON CRISTINA ALÍS RAURICH

Data e hora: Luns 11 de abril, 19.30 h
Lugar: establecemento Juan Portela Seijo,
Rúa do Hórreo, 48

O órgano sae á rúa novamente e, desta volta, faíno da man da música e investigadora Cristina Alís, experta en instrumentos antigos de tecla e primeira persoa no mundo que toca un órgano reconstruído a partir dun modelo do século XIII. Un espazo de música ao vivo e conversa, no que teremos oportunidade de nos achegar ao órgano portativo medieval e ás súas sonoridades e de participar do rexurdir que este instrumento está a ter na actualidade.



FREI BARTOLOMÉ DE OLAGÜE ORGANISTA E COMPOSITOR COMPOSTELÁN

OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

CHARLA CONCERTO CON ANDRÉS DÍAZ E FERNANDO BUIDE

O investigador e músico Andrés Díaz será o encargado de dar contido a esta charla, na que se salientarán os máis destacados aspectos sobre a vida e obra deste ilustre músico e organista compostelán. Olagüe, unha relevante figura do Barroco, vén engrosar, a raíz das últimas investigacións musicolóxicas, a nómina de organistas galegos pois, até a data, era descoñecido o seu lugar de nacemento. Trátase dun músico do que, ademais, se conserva obra escrita, cousa pouco habitual na altura. A vida de Olagüe permitirá aproximarse a interesantes temas como os camiños que había que seguir no século XVIII para a aprendizaxe da música, ou o papel educador e protector que as capelas de música exercían sobre os seus membros e os seus descendentes.

A charla estará ademais amenizada polo músico e compositor Fernando Buide, que interpretará obras deste autor recollidas no coñecido como *Libro de cifra de Porto*. O acto terá lugar nun dos espazos do patrimonio silente de Compostela, o coro alto de San Domingos de Bonaval, lugar onde outrora houbo un órgano e do que só resta o seu espazo baleiro e o enreixado que o pechaba, nunha das citas xa case obrigadas no ciclo De Lugares e Órganos.

Data e hora: Mércores 13 de abril, 17.30 h
Lugar: Coro alto de San Domingos de Bonaval
(entrada polo Museo do Pobo Galego)

A MEMORIA NATURAL E MUSICAL DO MOSTEIRO DE CONXO

OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

Aproveitando o noso paso pola igrexa do mosteiro de Conxo, faremos unha parada para unha visita contextualizadora ao espazo histórico e tamén natural que circunda o cenobio, poñendo o foco na memoria musical do espazo e no seu patrimonio silente, representado polo desaparecido órgano de tubos que outrora presidiu o templo. A visita contará coa presenza do editor, xornalista e xestor cultural Henrique Alvarellos e do músico e investigador Andrés Díaz, cos que nos adentraremos pola senda que conduce polo bosque, até

o emblemático lugar do Banquete de Conxo e o centenario carballo, e cos que falaremos da historia e das referencias sociopolíticas e musicais que aínda se deixan sentir neste magnífico recuncho da cidade de Santiago.

Data e hora: Domingo 17 de abril, 16.30 h
Lugar: praza do Campo de Conxo
Duración: 1 hora e media aprox.
Dificultade: baixa
Número de prazas: 50 (é preciso retirar invitación)



IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración, en 1974, a cargo do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha "peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois".

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior,

aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada "cadeireta interior", que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os tímbrs, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na cadeireta, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave, que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organería, no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construído ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organería peninsular.



IGREXA DE SANTA CLARA

Como no caso dos seus irmáns franciscanos, tamén as clarisas consideraban o órgano unha peza fundamental dentro do mobiliario litúrxico das súas igrexas, como parte consubstancial e insubstituíble dos oficios. E o convento de Santa Clara de Compostela, dende logo, non foi unha excepción á regra. Sabemos que no ano 1565 o organeiro de orixe viguesa, Pedro Martínez de Montenegro, fixo un órgano para o mosteiro *“que ha de tener cinco registros (...) y haber muchas y buenas mudanzas con sus rruy señores segun y de la manera que estan fechos los horganos de la iglesia de santa maria la nueba”*. Un órgano de concepción renacentista que, con moita probabilidade, substituíu un anterior. De xeito colateral, deducimos tamén que a mediados do século XVI había en Santiago un órgano na desaparecida igrexa de Santa María a Nova. O órgano de Montenegro será substituído por outro debido a un organeiro, de probable orixe portuguesa, pero que se asenta e traballa en Santiago: Baltasar Machado. En 1668 fará un novo órgano para as clarisas que terá unha vida moi efémera, pois coa reedificación da igrexa o organeiro da Catedral de Santiago, Manuel de la Viña, comezará a construír en 1709 o instrumento que hoxe podemos admirar:

Da importancia que lle daban as monxas clarisas ao uso do órgano nas súas celebracións

litúrxicas dá boa proba o feito de que, mentres se constrúe a nova igrexa, a fins do século XVII, e xa que daquela se debeu retirar o órgano de Baltasar Machado, Juan Galindo, arpista da Catedral e tamén organeiro, emprestará un pequeno órgano realexo ao mosteiro.

Polo demais, o interesante instrumento que agora acolle o mosteiro ten gran parte da tubaxe orixinal de De la Viña, a pesar das intervencións sufridas en 1750 e 1865, esta última a cargo do organeiro compostelán Ramón Cardama, autor do órgano da capela das Ánimas. Dase o caso curioso de que Cardama foi o pai dunha das organistas do convento sobre a que temos noticia: sor M^a de la Asunción Cardama, que profesou no ano 1885 e é recordada como unha hábil organista e pianista. Tamén tivo o órgano unha intervención entre 1930 e 1932, polo franciscano frei Manuel Fernández, que alterou severamente a súa disposición orixinal. Porén, a recente restauración feita no órgano, no ano 2004, pola casa inglesa Goetze&Gwynn devolveuno, felizmente, ao seu estado orixinal, conservando aquelas adicións posteriores que respectaron a súa esencia de órgano barroco ibérico. Así, o órgano de Santa Clara é un dos máis antigos de Galicia, plenamente operativo, que podemos escoitar hoxe en día.



IGREXA DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo, a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens móbiles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que a igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes racioneiros tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da *Salve á tarde*, “diante da imaxe da Virxe preñada”, é dicir, a *Virxe do O*, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun “realexo” (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros) no templo, o cal indica que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real, Pedro Liborna Echevarría, que xa traballara en Galicia entre 1773 e 1778 na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa

de Santiago de Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesán local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Merries, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organería de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organería histórica galega.



IGREXA DE NOSA SEÑORA DA MERCÉ

A impresionante fábrica barroca da igrexa e convento da Mercé de Conxo, oculta unha historia que é xa máis que milenaria, pois a presenza dun mosteiro nese lugar remóntase a fins do século X. O cóengo compostelán Alejandro Barral, que adicou un completo estudo monográfico a Conxo, suxeriu que sería San Pedro de Mezonzo, bispo de Iria-Santiago a partir do ano 985, o responsable da súa fundación. Edificaríase alí un cenobio feminino bieito, orde á que el pertencía, que sería destruído pouco despois por Almanzor, no ano 997, na súa incursión ata Compostela.

Máis adiante, outro importante persoeiro galego, Diego Xelmírez, repara a primitiva igrexa en 1106 e, inmediatamente, reedifica outra moito mellor e de maior tamaño en 1129. En pleno auxe das peregrinacións a Santiago, as monxas bieitas gozaban dunha privilexiada posición no camiño portugués, xusto despois de cruzar o Sar segundo se vén do Milladoiro. Canogio, como aparece referido o mosteiro na Historia Compostelá, estaba baixo a advocación de Santa María e tiña unha imaxe da Virxe ante a que os peregrinos se detiñan a rezar. Continuaban despois cara a catedral, polo Cruceiro de Conxo, o Hospital de Santa Marta e a Rapa da Folla. Podemos facernos unha idea do tamaño e aspecto que terían a igrexa e o mosteiro de Santa María de Conxo, tomando como referencia a colexiata de Sar, construída pola mesma época e que tiña unhas proporcións similares.

No século XV o mosteiro debía estar en franca decadencia, e mesmo en ruínas, debido ao declive das peregrinacións e polos “tempos aciagos que corren”, como sinala a bula de Sixto IV, de 21 de marzo de 1482, que permitirá traspasar o mosteiro da orde bieita feminina á mercedaria masculina, nas mans de Diego de Saldaña. A partir dos inicios do século XVII a Orde da Mercé vai acometer importantes reformas no lugar, entre 1624 e 1651. En 1664 construírán unha capela para o Cristo de Gregorio Fernández, que chegara desde Valladolid uns 30 anos antes. Esa igrexa é agora a actual sancristía xa que, en 1669, se comeza a derrubar a igrexa medieval e a construír a actual, de grandes proporcións, atribuída por Barral a Melchor de Velasco e Diego de Romay. A actual capela do Cristo constrúese entre 1729 e 1743 e é atribuída polo mesmo autor a Domingo de Andrade.

Esta capela tería un pequeno órgano realexo, xa que aparecen gastos para a súa construción sobre 1748 ou 1749. Parte dos fondos destinados á capela tamén serían usados, neses mesmos anos, para amañar ou construír un órgano grande na igrexa monasterial. O responsable desas obras sería o organeiro pontevedrés (da parroquia de Xeve) Juan Fontanes, xa que sabemos que, por aquelas datas, residía en Conxo. Nada queda xa destes órganos.

Coa desamortización, a igrexa pasaría a ser parroquia e, en 1885, a parte do mosteiro púxose a disposición do sanatorio psiquiátrico.





de LUGARES e ÓRGANOS



Agradecementos

- _Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- _Parroquia de Nosa Señora da Mercé de Conxo
- _Establecemento Suc. Juan Portela Seijo
- _Yago Portela Gómez
- _Martina Schobersberger, Corina Marti, Alejandra Escolante (fotos dos órganos de San Paio, Santa Clara e da Igrexa da Universidade)
- _Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto





COLABORAN:

